

UNIDADE

9

A relixión

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. **A RELIXIÓN**
A relixión romana na Monarquía
A relixión romana na República
A relixión romana no Imperio
 2. **A FLEXIÓN PRONOMINAL: CONTINUACIÓN DOS PRONOMES**
Pronome-adxectivo fórico
Pronome-adxectivo de identidade
Pronome-adxectivo enfático
Pronome-adxectivo relativo
 3. **A FLEXIÓN VERBAL: COMPOSTOS DE SVM**
Verbo **possum**
Verbo **prosum**
 4. **SINTAXE: AS ORACIÓNS SUBORDINADAS. SUBORDINADAS DE RELATIVO**
Clasificación das subordinadas
Subordinadas adxectivas ou de relativo
- LÉXICO**
Evolución fonética: grupos interiores -TI-, -CHE-, -CI-, -CHI-, -CE-, e -CHE-.
Expresións latinas

A relixión constitúe o primeiro tema desta unidade, pois conforma un dos aspectos máis influentes na vida dun romano, xa que desde o nacemento até a morte, recibía a súa influencia. Igualmente, as actuacións do propio Estado estiveron determinadas polo mesmo sentido relixioso. Así pois, resultará interesante coñecer este aspecto da cultura romana pola importancia que tivo na vida privada e na vida pública.

A morfoloxía latina amplíase cos pronomes fórico, de identidade, enfático e relativo, e cos verbos compostos de **sum**.

En sintaxe continúaase a oración composta coa clasificación das subordinadas, cuxo estudo se inicia coas de relativo. Os temas de evolución fonética e de expresións latinas pechan esta Unidade.

Legado	Lingua	Léxico	Textos
A relixión	Flexión pronominal: pronomes fórico, de identidade, enfático e relativo Flexión verbal: compostos de SVM Sintaxe: oracións subordinadas. Subordinadas adxectiva ou de relativo	Evolución fonética dos grupos -TI-, -CHE-, -CI-, -CHI-, -CE-, e -CHE-. Expresións latinas	Relacionados cos contidos de lingua e de cultura

1. A Relixión

En anteriores temas deuse resposta a case todas as preguntas sobre a vida cotiá expostas na sétima unidade. Nesta responderase á última delas que facía referencia ás crenzas dos romanos.

Se, ao estudar os costumes dos pobos, se fai mención especial da relixión pola influencia que esta exerce no seu modo de vida e no desenvolvemento da súa cultura, no caso que nos ocupa, esa mención resulta inevitable, pois o peculiar concepto que os romanos tiveron dela, fíxoa estar sempre presente na historia de Roma.

A relixión romana, do mesmo xeito que a grega, incorporou elementos procedentes de dúas crenzas ben diferenciadas:

- As dos pobos mediterráneos, fundamentalmente dedicados á agricultura e organizados matriarcalmente.
- As dos indoeuropeos, principalmente guerreiros e cunha organización patriarcal.

As primeiras, acordes coas características deses pobos, renderon culto a divindades que representaban a fertilidade da terra. As segundas, en consonancia coas peculiaridades dos indoeuropeos, a deuses celestiais e guerreiros.

Cando os romanos se apropiaron da Península Itálica e do mundo coñecido, incorporaron a esas crenzas primitivas as dos pobos sometidos, sobre todo, as dos gregos, dando lugar a unha mestura de divindades, cerimonias e ritos que se converteu nunha constante que se mantivo até a desaparición do seu Imperio.

Deste xeito, desde as súas orixes até o seu final, o sentimento relixioso desempeñou un papel fundamental e aglutinou dúas actitudes típicas dos romanos que, aínda que aparentemente antagónicas, conviviron ao longo dos séculos: a conservadora, capaz de manter de principio a fin os mesmos ritos, e a innovadora, propensa a admitir as novas crenzas provenientes dos pobos conquistados.

Sen dúbida, ese protagonismo da relixión viuse favorecido pola peculiar concepción mencionada anteriormente que consistiu en entendela como un contrato entre o home e a divindade. Esta idea, froito do seu sentido práctico, plasmouse na frase **do ut des**, *dou para que me deas*.

Así pois, en virtude dese contrato, os romanos comprometéronse a render culto aos deuses, que, en pago, debían concederlles o que lles pediran. Xa que logo, a relación establecida entre as dúas partes desenvólíase nun plano de igualdade, non de sometemento.

Nunha palabra, a relixión non foi unha norma de conduta, senón un conxunto de ritos e pregarías necesario para que os deuses se mostrasen favorables.

Entre tanto, os moitos séculos transcorridos até a caída do Imperio romano propiciaron neste campo, do mesmo xeito que noutros xa tratados, numerosos e profundos cambios.

Por iso, no presente tema plasmarase a evolución sufrida pola relixión nas distintas etapas da historia de Roma, desde a súa organización até a súa decadencia. En cada unha destas etapas, detallaranse os cultos existentes, e explicarase a que deuses ían dirixidos, en que consistían os seus ritos e quen os realizaban.

1.1. A relixión romana na Monarquía

Posto que os romanos consideraron a relixión como un contrato que perseguía atraerse o favor da divindade, parece lóxico que pretendesen gañarse aos deuses para que mostrasen unha boa disposición en todos os ámbitos da vida. Por iso, desde o primeiro momento, a relixión estivo presente nos acontecementos privados e públicos, particulares e estatais, até o punto de convivir varios cultos: o familiar, o popular e o estatal, segundo se comprobará seguidamente.

● O culto familiar

Como indica o seu nome, celebrábase na familia. En principio, estaba reservado unicamente aos patricios. Nel o **pater familias***, en calidade de sacerdote, rendía culto a diversas divindades:

- Ao **Lar*** familiar, o deus protector da casa, que ocupaba un lugar destacado dentro da **domus**, pois representábase nunha especie de fornela, **lararium**, que estaba situada no **atrium**.
- Aos **Penates***, as dúas divindades encargadas da despensa, **penus**. Ambos os mozos figuraban no larario xunto ao **Lar**. Para que non houbera nunca escaseza, representábaselles portando nas súas mans o corno da abundancia.
- Aos **Manes***, as almas dos familiares defuntos. Recordábaselles en datas sinaladas para a familia. A eles encomendábaselles os defuntos; de feito nas lápidas aparecían as letras D.M., iniciais de: **Diis Manibus**, aos deuses *Manes*.
- Ao **Xenio***, o espírito do **pater familias**. Este, en forma de serpe, aparecía no larario, xunto ao Lar e os Penates.



● Larario dunha casa de Pompeia

Os ritos máis frecuentes deste culto familiar estaban constituídos por: ofrendas de alimentos, libacións, adornos florais e pregarías. Estes ritos eran realizados polo **pater familias**, que oficiaba como sacerdote do culto familiar. Neles participaban tamén os escravos e os clientes a quen se consideraban, segundo dixemos na unidade anterior, membros da familia. Pola súa banda, as mulleres, se optaban polo matrimonio **cum manu** no que quedaban baixo a autoridade do esposo, abandonaban os ritos familiares propios para incorporarse aos da familia do marido.

● O culto popular

Fronte ao anterior, estivo reservado en principio aos plebeos. Posto que os romanos se dedicaron sobre todo á agricultura, este culto estaba dirixido a dúas divindades eminentemente agrarias: Ceres e Pales.

Para conseguir prósperas colleitas, ao longo do ano, os romanos celebraban numerosas festas en honra destas deusas. Nelas ofrecíanse sacrificios de animais, celebrábanse banquetes, danzábase, entoábanse

cantos rituais, etc. Todos estes ritos resultaron cada vez máis inintelixibles, xa que nas súas fórmulas, nas súas pregarías, utilizouse un latín arcaico que apenas era entendido polo pobo.

O culto oficial

Do mesmo xeito que o **pater familias** buscaba o favor da divindade para os seus, o Estado facía o mesmo para asegurarse de que os deuses serían propicios a Roma.

Nun principio, os romanos adoraban ás forzas da natureza, **numina***, é dicir, practicaban unha relixión case animista, na que cada cousa, cada actividade humana tiña o seu **numen**, que máis que un deus era un poder ao que había que agradar para que fose propicio. Por iso, rendíaseles culto non nos templos, senón nos lugares nos que exercían a súa influencia, fontes, bosques ou cruces de camiños nos que, ás veces, se levantaban uns altares, **arae**.

Destes **numina** xurdiron as primeiras divindades romanas que gardaban relación coa principal actividade de Roma, a agricultura. Entre estes deuses, que recibiron o nome de **Indigetes***, divindades nacionais, propiamente romanas, destacaron os seguintes: Xúpiter, o pai dos deuses; Saturno, divindade da sementeira; Marte, das colleitas, e, máis tarde, da guerra; Fauno, dos rabaños; Flora, das flores e da primavera; Silvano, dos bosques; Pomona, etc.

Durante a Monarquía, cun rei que ostentaba tamén o poder relixioso, a relixión romana recibiu a influencia etrusca, que introduciu nela importantes cambios que favoreceron a súa paulatina organización. Este feito debuxou un panorama tan novo que, segundo se dixo na segunda unidade, se atribuíu a creación da relixión a un só home, en concreto a un dos sete reis lendarios, Numa.

Aínda que isto último forma parte da lenda, resulta incuestionable a influencia exercida nesta época polos etruscos a quen se debeu a construción dos primeiros templos, a introdución de novas divindades, unhas etruscas: Vulcano, Mercurio, Venus, e outras gregas que se asimilaron ás etruscas, pero, sobre todo, da adiviñación que consistía en coñecer a vontade divina mediante o estudo das entrañas dos animais sacrificados, sobre todo, do fígado, e dos prodixios, fenómenos extraordinarios existentes na natureza.

Do mesmo xeito que ocorría no culto popular, durante o ano, a cidade consagrou un importante número de días a todas estas divindades, ás orixinariamente romanas, **Indigetes**, e ás que introduciron os etruscos. No transcurso deles, organizábanse celebracións que respondían a dous tipos diferentes: **feriae*** e **ludi***.

■ **FERIAE**. Entre estas festividades estritamente relixiosas sobresaían algunhas:

As **Lupercalia***, organizadas en honra de Faunus.

As **Saturnalia***, que se celebraban en decembro en honra de Saturno. Nelas intercambiábanse agasallos. Así pois, constitúen o precedente dos nosos Nadal.

Nestas **feriae** celebrábanse os principais ritos da relixión romana, as pregarías e os sacrificios de animais.

As primeiras realizábanse normalmente coa cabeza cuberta. Nelas, o sacerdote pronunciaba as palabras exactas, sen equivocar-



Escena dun sacrificio

se; pois, pola contra, tiña que empezar de novo, e os fieis repetían esas palabras, e, ao terminar, realizaban polo xeral algunha promesa á divindade.

Os sacrificios de animais (cordeiros, porcos e touros) tiñan lugar normalmente ante o templo da divindade á que ían dirixidos. Quen ofrecía o sacrificio tiña que purificarse con auga e vestir un traxe branco.

Pola súa banda, o animal adoitaba levar a cabeza adornada con cintas, **vittae**. Sobre elas, colocábase unha torta de mel e fariña salgada, **salsa mola**, que fora preparada polas Vestais. Despois derramábase viño polo corpo da vítima e degolábana.

A continuación, os arúspices examinaban as súas entrañas, **exta**, en especial, o fígado. Se todo estaba ben, os deuses aceptaban o sacrificio, e, xa que logo, mostraríanse propicios; pero se había algunha anomalía nas vísceras, o sacrificio debía repetirse para lograr o obxectivo desexado. Nalgunhas ocasións, os sacrificios repetíronse até unha trintena de veces.

De modo excepcional, tamén podía celebrarse outro rito máis, a purificación, **lustratio**, que finalizaba co sacrificio dun porco, **sus**, unha ovella, **ovis**, e un touro, **taurus**, de onde procede o nome de **suovetaurilia** dado a este sacrificio.

■ **LUDI**. Mentres que as *feriae* tiñan un estrito sentido relixioso, os **ludi** tiñan un dobre carácter cívico-relixioso. Os máis famosos foron:

Os **Ludi Romāni**, celebrados en honra de Xúpiter.

Os **Ludi Apolināres**, de Apolo.

Os **Ludi Megalenses**, de Cibeles.



● Sacerdotisa Vestal

Ao longo dos días que duraban estes **ludi**, organizábanse ritos como os xa descritos ao falar das *feriae*, e programábanse diversos espectáculos: representacións teatrais, combates de gladiadores, cacerías, carreiras de carros, etcétera, que xa se describiron na sétima unidade ao tratar do lecer en Roma.

Posto que a relixión romana esixía que os seus rituais e pregarias, para resultar válidos, se realizase sen fallos, pronunciando as palabras exactas e realizando os movementos establecidos, a realización de calquera dos ritos enumerados anteriormente revestía unha gran complexidade. De aí que se deixasen en mans dos sacerdotes, persoas especializadas neste mester que garantían a validez das cerimoniais e ritos.

Os sacerdotes, aínda que gozaban de grandes privilexios, nunca formaron unha caste aparte, senón que eran cidadáns integrados plenamente na vida pública. O sentido práctico dos romanos levoulles, xa durante a Monarquía, a agrupalos en colexios sacerdotais. Destacaron os seguintes:

SACERDOTES	FUNCIÓNS
Flámines	Están ao servizo de cada unha das divindades principais. Os máis importantes son o flamen Diālis , ao servizo de Xúpiter, o Martiālis , de Marte e o Quirinālis , de Quirino.
Pontífices	O seu nome significa os que constrúen pontes. Presiden aos demais sacerdotes, confeccionan o calendario, encárganse do culto público. Á fronte deste colexio está o Pontifex Maximus , cuxo poder foi tal, que, no Imperio, os emperadores reserváronse este título. O seu número orixinario aumentou posteriormente.
Vestais	O único colexio feminino. As súas compoñentes, sempre de orixe patricio, encargábanse de manter acendido o lume de Vesta. Gozaban de numerosos privilexios, pero debían gardar castidade baixo pena de morte.
Salios	Consagrados a Marte, abrían e pechaban o período das campañas militares con danzas rituais.
Feciais	Actuaban nos casos de declaración de guerra e nas firmas dos tratados de paz.
Augures	Interpretaban a vontade dos deuses polo voo das aves, o apetito dos polos sacros, etc.
Arúspices	Interpretaban os desexos divinos polas entrañas dos animais sacrificados, sobre todo, polo fígado.

Nos primeiros tempos, tamén neste campo, xurdiu a loita entre patricios e plebeos, á que se aludiu ao tratar das clases sociais, pois só os patricios tiñan acceso aos colexios sacerdotais.



Augusto como Pontifex Maximus

1.2. A relixión romana na República

Tras a expulsión de Tarquino o Soberbio que marcou o final da Monarquía, iniciouse unha nova etapa, a República, na que se procurou que o poder non quedase centralizado nunha soa persoa.

Neste sentido, preferiuse que o poder político se repartise entre os cónsules, e que o relixioso permanecese en mans do **rex sacrorum**, o rei do sacro, que se encargou de todo o referente á relixión oficial. Co tempo, o **rex sacrorum** foi substituído en moitas das súas funcións por outros sacerdotes.

Coa chegada da República, seguiron convivindo os tres cultos mencionados na etapa anterior; máis aínda, algún deles xeneralizouse, segundo se comprobará a continuación:

• O culto familiar

As familias romanas seguiron rendendo culto ás Lares, Penates e Manes. A única diferenza que se aprecia respecto da época da Monarquía radica na xeneralización do culto familiar aos plebeos que, na súa particular loita cos patricios, van conquistando privilexios.

• O culto popular

Non sufriu ningún cambio. Ceres e Pales seguiron gozando do favor popular durante a República.

• O culto oficial

Segundo se dixo, en moitas ocasións, os romanos asimilaron as divindades dos pobos sometidos ás súas. Durante a República, esta tolerancia favoreceu a culminación dun proceso xa iniciado na etapa anterior por influencia dos etruscos. Nese proceso conformouse o denominado panteón grecorromano que, composto polos principais deuses gregos, os Olímpicos, identificados aos poucos cos romanos, converteuse no eixo en torno ao que virou a relixión oficial de Roma.



● Diana cazadora

As divindades que pertencen a el figuran a continuación:

NOME ROMANO	NOME GREGO	IDENTIDADE	CAMPO DE ACCIÓN	ATRIBUTOS
XÚPITER	Zeus	Rei dos deuses e dos homes	Goberno do universo	Aguaia, raio e cetro
XUNO	Hera	Esposa de Xúpiter	Protectora do matrimonio	Pavo real, diadema e granada
MINERVA	Atenea	Deusa da sabedoría, das artes e oficios	Actividade intelectual e guerra	Curuxa, lanza, casco, oliveira
APOLO	Apolo	Fillo de Xúpiter e Latona	Beleza, arte e adiviñación	Lira, frecha, loureiro e sol
DIANA	Ártemis	Irmá xemelga de Apolo	Castidade e caza	Arco, frechas, lúa crecente
VENUS	Afrodita	Nacida da espuma do mar	Amor e beleza	Pomba, mazá e cuncha
MERCURIO	Hermes	Mensaxeiro dos deuses e das almas	Comercio e comunicacións	Sandalías aladas, chapeu e caduceo
VULCANO	Hefesto	Esposo de Venus	Lume e forxa	Martelo, tenaces e bigornia
MARTE	Ares	Amante de Venus	Guerra	Casco e armas
VESTA	Hestia	Deusa protectora do fogar	Fogar e Estado	Lume
NEPTUNO	Poseidón	Deus do mar	Soberanía sobre o mar, os ventos e tempestades	Tridente e os cabalos
CERES	Deméter	Deusa da agricultura, a fecundidade e o amor maternal	Agricultura	Espigas de trigo e fouce

En honra destas divindades celebráronse os ritos que se describiron xa na Monarquía, presididos polos sacerdotes que se enumeraron entón. Unicamente, convén citar un rito que podía celebrarse en casos excepcionais, **lectisternia***, cerimonia de orixe grega, que consistía na ofrenda de alimentos ás divindades, cuxas imaxes eran deitadas en leitos coma se estivesen nun triclinio. Xunto cos seus deuses, todo o pobo participaba deste banquete.

1.3. A relixión romana no Imperio

Nesta época culminouse a decadencia iniciada a finais da República. A relixión romana experimentou cambios tan profundos que os tres cultos que conviviran até este momento correron sortes distintas.

• O culto familiar

Foi o que experimentou menos cambios. Seguiu exercéndose dentro da familia a cuxas divindades protectoras se dirixía.

• O culto popular

Tendo en conta que tiña un carácter eminentemente agrícola, e que, nas cidades, sobre todo en Roma, a agricultura se abandonou, desapareceu.

• O culto oficial

Experimentou unha serie de cambios moi significativos. Varias razóns contribuíron a iso:

- A adopción do panteón grego que non calou nunca no pobo, ao non terminar de identificarse cuns deuses aos que non sentía seus.
- A actitude mantida polas capas máis cultas da sociedade que, imbuídas das novas correntes filosóficas provenientes de Grecia (o neoplatonismo, o estoicismo ou o epicureísmo), mostráronse moi críticas coa relixión tradicional, ao considerar que o culto popular se aproximaba cada vez máis á superstición, e que o público ou oficial resultaba demasiado formalista e baleiro de contido.
- A difusión alcanzada entre as capas máis baixas da sociedade polos novos cultos orientais que chegaron a Roma, traídos moitas veces polos soldados que, ao entrar en contacto con eles durante as súas conquistas por Oriente, sentíronse atraídos por unhas crenzas que prometían unha vida de ultratumba.



● O deus Mitra sacrificando un touro

Deste xeito, as novas divindades orientais: a deusa Cibeles, a exipcia Isis e o deus persa Mitra, convertéronse en obxecto do culto público, do que se ocuparon sacerdotes que se entregaron ao seu servizo.

Tamén se celebraron na súa honra cerimoniais secretas, mistéricas, reservadas só para os iniciados.

Paralelamente, nun afán por aglutinar a todos os pobos sometidos, divinizouse á propia Roma, á que se lle asignaron sacerdotes encargados do seu culto, e levantáronse numerosos templos. Tamén os seus dirixentes, os emperadores, foron divinizados e, segundo os costumes orientais,

foron obxecto de culto. Nel víronse obrigados a participar todos os pobos conquistados, en sinal de recoñecemento da superioridade e dominio de Roma.

Finalmente, nesa decadencia desempeñou un papel fundamental a aparición do cristianismo. A nova relixión calou moi pronto entre os máis desfavorecidos, pois propugnaba a igualdade de todos os homes, e prometía unha vida mellor tras a morte.

Os cristiáns, por rexeitar o culto ao emperador e aos numerosos deuses existentes, foron cruelmente perseguidos. Con todo, acabaron gañando a batalla, pois primeiro conseguiron que Constantino decretase o cesamento desas persecucións. Posteriormente, o emperador Teodosio converteu o cristianismo en relixión oficial do Imperio. A partir dese momento, a nova relixión estendeuse e acabou desbancando ás divindades pagás.



● O Emperador Cómodo como Hércules

Recorda

A RELIXIÓN

- ✓ **Características:**
 - Conservadora, pois mantén ritos primitivos.
 - Innovadora, xa que incorpora crenzas e elementos relixiosos doutros pobos.
 - Considérase un contrato entre o home e a divindade.
 - Conxunto de ritos e pregarias que aseguren o favor dos deuses.
- ✓ **Cultos:**
 - Familiar: mantívose durante toda a historia de Roma.
 - Rendíase culto aos deuses familiares: Lares, Manes, Penates e ao **Genius** do **pater familias**.
 - Popular: mantívose durante a Monarquía e a República, desapareceu no Imperio.
 - Estaba relacionado con deuses da agricultura: Ceres e Pales.
 - Oficial: variou durante as distintas etapas da historia de Roma:
 - Na Monarquía: rendeuse culto aos deuses orixinariamente romanos, **Indigetes**, aos **numina**, ás divindades tomadas dos gregos e dos etruscos.
 - Na República: rendeuse culto aos anteriores e aos deuses do panteón grecorromano.
 - No Imperio: imponse aos pobos sometidos o culto ao emperador e á propia Roma como divindade e prodúcese unha decadencia da relixión oficial, pois:
 - adóptanse cultos orientais: Isis, Mitra, Cibeles, Attis.
 - aparece e difúndese o cristianismo.
- ✓ **Festas relixiosas: feriae e ludi.** Nelas realizábanse pregarias e sacrificios.
- ✓ Os sacerdotes, encargados do culto dos distintos deuses, agrupáronse en colexios sacerdotais. Os máis importantes foron: Flámines, Pontífices, Vestais, Salios, Feciais, Augures e Arúspices.

2. A flexión pronominal: continuación dos pronomes

Ao comezar o estudo da flexión pronominal, definiuse o pronome e enumeráronse os diversos tipos existentes. Na Unidade anterior explicáronse os persoais, posesivos e deícticos ou demostrativos. Na presente, farase o mesmo co pronome-adxectivo fórico, o de identidade, o enfático e o relativo.

2.1. Pronome-adxectivo fórico

O pronome-adxectivo **is**, **ea**, **id** denomínase **fórico** porque fai referencia a alguén ou a algo que xa foi mencionado, **anafórico***, ou que vai selo, **catafórico***. Así:

Caesar cum Gallis pugnāvit et eos vicit, *César loitou cos galos e venceunos*. No exemplo anterior, **eos** refírese a **Gallis**, substantivo xa mencionado. Xa que logo, ten unha función anafórica.

Augur dixit ea verba: "Dei nobis signa certa dant", *o augur dixo estas palabras: "Os deuses dannos sinais seguros"*. Nesta ocasión **ea** fai referencia ás palabras que aparecen despois, é dicir, cumpre unha función catafórica.

Este pronome-adxectivo substitúe ao pronome persoal de terceira persoa no caso do que carece, é dicir, en nominativo. **Quondam is per Hispaniam iter fecit**, *noutro tempo, este fixo o camiño a través de Hispania*.

Tamén se emprega nos demais casos cando se trata dunha terceira persoa non reflexiva: **Milītes se recepērunt**, *os soldados retiráronse*. Pero, **milītes eum cepērunt**, *os soldados capturárono*.

Declínase así:

Is, ea, id *este, esta, isto; aquel, aquela, aquilo; el, ela, o, os, a, as, lle, lles*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC	FEM.	NEUTRO	MASC	FEM.	NEUTRO
Nominativo	is	ea	id	ei / ii	eae	ea
Acusativo	eum	eam	id	eos	eas	ea
Xenitivo	eius	eius	eius	eōrum	eārum	eōrum
Dativo	ei	ei	ei	eis / iis	eis / iis	eis / iis
Ablativo	eo	ea	eo	eis / iis	eis / iis	eis / iis

Na súa declinación obsérvanse as seguintes peculiaridades:

- A alternancia de dous **temas***, un en **i**, e outro en **o/a**. O primeiro dá lugar a **is** e **id**, o segundo, ás demais formas, **eum**, **eos**, **eas**.
- No nominativo plural masculino, e no dativo e ablativo plural, aparecen dúas posibles formas **ei/ii** e **eis/iis**.
- En plural e nalgúns casos do singular segue a **declinación*** dos adxectivos do primeiro grupo, do tipo **bonus**, **bona**, **bonum**. Con todo, presenta as características da flexión pronominal:
 - O xenitivo singular en **-ius**.
 - O dativo singular en **-i**.
 - O nominativo e acusativo neutro singular en **-d**.

2.2. Pronome-adxectivo de identidade

O pronome-adxectivo **idem**, **eadem**, **idem** denomínase de identidade, porque se utiliza para recalcar unha identificación. Por exemplo: **Idem consul venit**, *veu o mesmo cónsul* (do que estabamos falando) Esta é a súa declinación:

Idem, eadem, idem *o mesmo, a mesma, o mesmo*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEM.	NEUTRO	MASC.	FEM.	NEUTRO
Nominativo	idem	eadem	idem	eidem/ iidem	eaedem	eadem
Acusativo	eundem	eandem	idem	eosdem	easdem	eadem
Xenitivo	eiusdem	eiusdem	eiusdem	eorundem	earundem	eorundem
Dativo	eidem	eidem	eidem	eisdem / iisdem	eisdem / iisdem	eisdem / iisdem
Ablativo	eodem	eadem	eodem	eisdem / iisdem	eisdem / iisdem	eisdem / iisdem

En realidade, trátase do pronome-adxectivo fórico **is**, **ea**, **id** e a partícula **-dem**, que non varía ao longo da flexión. Así pois, esperaríase obter a súa declinación ao engadir devandita partícula ás formas de **is**, **ea**, **id**. Non obstante, segundo pode apreciarse, existen algunhas diferenzas debido aos cambios fonéticos que se producen:

Nominativo singular masculino, **isdem** > **iddem** > **idem**, asimilación e simplificación de xeminada.

Nominativo singular neutro, **iddem** > **idem**, simplificación de xeminada.

No acusativo singular, **eumdem** > **eundem** e **eandem** > **eandem**, pois produciuse unha **asimilación*** parcial da nasal labial **m** e da dental **d**. Isto motivou que apareza o **n**, nasal dental e non labial.

No xenitivo do plural, **eorumdem** > **eorundem** e **earumdem** > **earundem**, polo mesmo motivo que no caso anterior, é dicir, por unha asimilación parcial da nasal labial **m** e da dental **d**, o que ocasionou a aparición de **n**, nasal dental no canto de labial.

2.3. Pronome-adxectivo enfático

Ipse, ipsa, ipsum denomínase enfático porque se emprega para recalcar a autenticidade da persoa ou cousa á que se refire: **Ipse fecit**, *el mesmo <o> fixo*. Con todo, non sempre pode traducirse por *el mismo* posto que se utiliza para dar énfase a calquera das tres persoas:

Ipse feci *eu mesmo <o> fixen*.

Ipse fecisti *ti mesmo <o> fixeches*.

Ipsi fecimus *nós mesmos <o> fixemos*.

A pesar do seu significado, non debe confundirse con **idem**, pois **idem** recalca a identificación, **ipse** a autenticidade. Por exemplo:

Consul ipse venit, *veu o cónsul en persoa ou tamén o propio cónsul*.

Idem consul venit, *veu o mesmo cónsul, é dicir, o cónsul ao que nos referimos*.

Declínase do seguinte modo:

Ipse, ipsa, ipsum *el mesmo, ela mesma, iso mesmo*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEM.	NEUTRO	MASC.	FEM.	NEUTRO
Nominativo	ipse	ipsa	ipsum	ipsi	ipsae	ipsa
Acusativo	ipsum	ipsam	ipsum	ipsos	ipsas	ipsa
Xenitivo	ipsius	ipsius	ipsius	ipsōrum	ipsārum	ipsōrum
Dativo	ipsi	ipsi	ipsi	ipsis	ipsis	ipsis
Ablativo	ipso	ipsa	ipso	ipsis	ipsis	ipsis

2.4. Pronome-adxectivo relativo

Qui, quae, quod é o pronome-adxectivo relativo que se declina do modo seguinte:

Qui, quae, quod *que, o/a que, o/a cal*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEM.	NEUTRO	MASC.	FEM.	NEUTRO
Nominativo	qui	quae	quod	qui	quae	quae
Acusativo	quem	quam	quod	quos	quas	quae
Xenitivo	cuius	cuius	cuius	quōrum	quārum	quōrum
Dativo	cui	cui	cui	quibus	quibus	quibus
Ablativo	quo	qua	quo	quibus	quibus	quibus

A súa declinación presenta a alternancia de dous temas, un en **i** que orixina as formas **quem** e **quibus**, e outro, en **o/a** ao que pertencen **quam**, **quos**, **quōrum**, **quārum**...

Presenta as peculiaridades da flexión pronominal:

O xenitivo singular en **-ius**.

O dativo singular en **-i**.

O nominativo e acusativo neutro singular en **d**.

Recorda

PRONOMES

- ✓ *Fórico*: **is, ea, id**
- ✓ *De identidade*: **idem, eadem, idem**
- ✓ *Enfático*: **ipse, ipsa, ipsum**
- ✓ *Relativo*: **qui, quae, quod**

Presentan estas características:

- *Xenitivo singular* **-ius**
- *Dativo singular* **-i**
- *Nominativo e acusativo neutro singular terminado en d* (excepto **ipse**).

Realiza as actividades do PENSVM 1 e PENSVM 2

3. A flexión verbal: compostos de SVM

Segundo se dixo na terceira unidade, xunto aos verbos que compón a conxugación regular, existen outros denominados irregulares, entre os que se atopa **sum**, principal expoñente deste grupo pola súa frecuencia e pola súa capacidade para xerar un número significativo de compostos.

Estes últimos conxúganse igual que o verbo simple, é dicir, o mesmo que **sum**, coa única adición do prefixo correspondente: **ab, ad, de, in, inter, ob, prae, super, sub** e outros. Comprobaremos o dito anteriormente conxugando o presente de Indicativo do verbo **intersum, intēres, interesse, interfui**:

inter-sum	inter-sūmus
intēr-es	inter-estis
inter-est	inter-sunt

Agora ben, dous deses compostos, **possum** e **prosum**, presentan algunhas peculiaridades na súa conxugación. Posto que se trata de dous verbos que se utilizan con bastante frecuencia, convén saber como se conxugan.

3.1. Verbo possum

Enúnciase **possum, potes, posse¹, potui, --- poder**

Ao verbo sum engádeselle o prefixo **pot-**, que se mantén así cando lle segue unha vogal e transfórmase en **pos-** cando lle segue un **s**.

No sistema de perfecto, o prefixo **pot-** fai caer o **f-**, resultando un perfecto **potui** (tema **potu-**), que segue a flexión regular neste sistema.

Esta é a conxugación de **possum**:

SISTEMA DE PRESENTE				
INDICATIVO			SUBXUNTIVO	
PRESENTE	PTO. IMPERFECTO	FUT. IMPERFECTO	PRESENTE	PTO. IMPERFECTO ²
<i>podo...</i>	<i>podía...</i>	<i>poderei...</i>	<i>poida...</i>	<i>puidese... podería...</i>
possum	potēram	potēro	possim	possem
potes	potēras	potēris	possis	posses
potest	potērat	potērit	possit	posset
possumus	poterāmus	poterīmus	possīmus	possēmus
potestis	poterātis	poterītis	possītis	possētis
possunt	potērant	potērint	possint	possent

(1). A forma esperada **potesse** non existe.

(2). Neste tempo aparecen testemuñadas as formas esperadas **potessem ... potessent**. Con todo, foron substituídas por **possem ... possent** por analoxía con **possum ... possunt** e **possim ... possint**.

SISTEMA DE PERFECTO				
INDICATIVO			SUBXUNTIVO	
PTO. PERF.	PTO. PLUSC.	FUTURO PERF.	PTO. PERF.	PTO. PLUSC.
<i>puiden...</i>	<i>puidera...</i>	<i>poderei...</i>	<i>poida...</i>	<i>puidese...</i>
potui	potuëram	potuëro	potuërim	potuïssem
potuisti	potuëras	potuëris	potuëris	potuïsses
potuit	potuërat	potuërit	potuërit	potuïssset
potuïmus	potuerāmus	potuerïmus	potuerïmus	potuïssēmus
potuistis	potuerātis	potuerītis	potuerītis	potuïssētis
potuērunt /ēre	potuërant	potuërint	potuërint	potuïssent

3.2. Verbo prosum

Enúnciase **prosum**, **prodes**, **prodesse**, **profui**, --- *ser útil, aproveitar*

Fórmase antepondo ás formas do verbo **sum** o prefixo **prod-**. Este non sofre ningún cambio cando lle se-gue unha vogal, pero perde a **d** ante consonante. Conxúgase do seguinte modo:

SISTEMA DE PRESENTE				
INDICATIVO			SUBXUNTIVO	
PRESENTE	PTO. IMPERFECTO	FUT. IMPERFECTO	PRESENTE	PTO. IMPERFECTO(*)
<i>son útil ...</i>	<i>era útil ...</i>	<i>serei útil ...</i>	<i>sexa útil ...</i>	<i>fose útil .../ sería útil ...</i>
prosum	prodëram	prodëro	prosim	prodessem
prodes	prodëras	prodëris	prosis	prodesse
prodest	prodërat	prodërit	prosit	prodesset
prosumus	proderāmus	proderïmus	prosïmus	prodessēmus
prodestis	proderātis	proderītis	prosītis	prodessētis
prosunt	prodërant	prodërint	prosint	prodesse

SISTEMA DE PERFECTO				
INDICATIVO			SUBXUNTIVO	
PTO. PERF.	PTO. PLUSC.	FUTURO PERF.	PTO. PERF.	PTO. PLUSC.
<i>fun útil ...</i>	<i>fora útil ...</i>	<i>serei útil ...</i>	<i>sexa útil ...</i>	<i>fose útil ...</i>
profui	profuëram	profuëro	profuërim	profuïssem
profuisti	profuëras	profuëris	profuëris	profuïsses
profuit	profuërat	profuërit	profuërit	profuïssset
profuïmus	profuerāmus	profuerïmus	profuerïmus	profuïssēmus
profuistis	profuerātis	profuerītis	profuerītis	profuïssētis
profuērunt /ēre	profuërant	profuërint	profuërint	profuïssent

Recorda

VERBOS COMPOSTOS DE SVM

- ✓ Fórmanse mediante a adición de prefixos como **ab, ad, de, inter, in, ob, prae, super, sub...**
- ✓ A maioría deles non presenta ningunha particularidade na súa conxugación, pois antepón os prefixos ás formas do verbo **sum**.
- ✓ Só presentan algunha peculiaridade os verbos **possum** e **prosum**.
 - **POSSVM:**
 - Consta do prefixo **pot-** e o verbo **sum**
 - **pot- + e-** > non hai cambios, **pote-**
 - **pot- + s-** > asimilación, **poss-**
 - **pot- + f-** > asimilación e simplificación, **pot-**
 - **PROSVM:**
 - Consta do prefixo **prod-** e o verbo **sum**
 - **Prod- + vogal** mantense, pero pérdese ante **s-** e **f-**

Realiza as actividades do PENSVM 3

4. Sintaxe: as oracións subordinadas. Subordinadas de relativo

Segundo se explicou na sétima unidade, do mesmo xeito que en galego e castelán, dentro das oracións compostas, aquelas que presentan máis dun predicado, distínguense dous tipos: as coordinadas, que se trataron entón, e as subordinadas, cuxo estudo se aborda agora.

Tal como se indicou, as primeiras constan de oracións da mesma categoría, que están no mesmo plano e que, xa que logo, teñen sentido completo consideradas de forma illada. As segundas presentan oracións que carecen de sentido se se analizan separadamente, pois unha delas está supeditada á outra. Por iso neste tipo de oracións compostas, fálase de oración principal e subordinada.

4.1. Clasificación das subordinadas

Os soldados que vemos loitaron valentemente.

Cando César chegou, os inimigos fixeron numerosos ataques.

Quero que marches mañá a Italia.

As tres oracións anteriores presentan máis dun predicado polo que se consideran compostas. Cada unha consta de dúas oracións, unha delas carente de sentido se se considera de modo illado: *que vemos*; *cando*

César chegou, e que marches mañá. Este feito, unido aos nexos que as unen, permite clasificalas como oracións compostas subordinadas.

Agora ben, segundo a relación que se establece entre principal e subordinada, en galego e castelán distínguense, do mesmo xeito que ocorría coas coordinadas, varios tipos de subordinadas:

Adxectivas ou de relativo, como a do primeiro exemplo.

Adverbiais ou circunstanciais, representadas no segundo.

Substantivas ou completivas, presentes no terceiro.

As primeiras equivalen a adxectivos e van introducidas por un relativo, adverbio ou pronome-adxectivo.

As segundas funcionan como adverbios e indican as distintas circunstancias que poden darse. Van introducidas por distintas conxuncións.

As terceiras desempeñan as funcións características dos substantivos: suxeito, complemento directo, atributo, aposición. As dúas primeiras resultan as máis frecuentes, por iso denomínanse tamén completivas, xa que, en moitas ocasións, completan ao verbo.

En latín, do mesmo xeito que na nosa lingua, as subordinadas poden ser de tres clases:

- Adxectivas ou de relativo.
- Adverbiais ou circunstanciais.
- Substantivas ou completivas.

Na presente Unidade só se estudarán as primeiras.

4.2. Subordinadas adxectivas ou de relativo

A seguinte oración: *os soldados que eran valentes venceron* considérase unha oración composta, pois ten dous predicados. Dentro desta clase de oracións, pode identificarse como unha subordinada, posto que unha das dúas oracións que a compón, *que eran valentes*, non ten sentido completo considerada de modo illado.

Á hora de identificar o tipo de subordinada, habería que decidirse por adxectivas ou de relativo, xa que a función desempeñada por *que eran valentes* equivale a un adxectivo: *Os soldados valentes venceron*. Ademais, está introducida por *que*, pronome relativo.

Ao desempeñar a función dun adxectivo, xeralmente, referirase a unha palabra da oración que se denomina **antecedente***, pois adoita aparecer diante do relativo. Neste caso *soldados* constitúe o antecedente de *que*.

Entre o relativo e o seu antecedente existe unha relación de concordancia que afecta ao xénero e ao número. Con todo, a función sintáctica desempeñada por un e outro nas súas respectivas oracións non ten por que ser a mesma. Así:

Viu aos soldados que chegaban ao campamento cos xinetes.

O legado que foi enviado por César chegará hoxe a Italia.

Na primeira oración composta, a subordinada de relativo refírese a *soldados*, que desempeña a función sintáctica de Complemento directo de *viu*. Pola contra, o pronome relativo *que* realiza a función sintáctica de Sujeito de *chegaban*.

A continuación, comprobarase se o anterior resulta válido para a lingua latina. Na oración: **milites qui fortes erant vicērunt**, *os soldados que eran valentes venceron*, ocorre o mesmo que en galego e castelán. A subordinada **qui fortes erant** pertence ás adxectivas ou de relativo, porque desempeña a función dun adxectivo, de feito podería expresarse tamén así: **Fortes milites vicērunt**, *os soldados valentes venceron*. Por outra banda, está introducida por unha das formas do pronome-adxectivo relativo **qui, quae, quod**.

Como sucede co adxectivo, refírese a unha palabra da oración, **milites**, que, do mesmo xeito que en galego e castelán, recibe o nome de antecedente. Entre o relativo e o antecedente establécese unha relación de concordancia que afecta ao xénero e ao número, pero non ao caso.

Este último extremo resulta lóxico, xa que, en latín, o caso indica a función sintáctica que unha palabra desempeña na frase e, do mesmo xeito que sucede en galego e castelán, antecedente e relativo poden realizar distintas funcións sintácticas.

Así:

Milites	qui	cum equitibus	in castra	veniēbant	vidit.
CD	Sx	CC	CC	V	V

Viu aos soldados que chegaban ao campamento cos xinetes.

Nesta oración **milites** desempeña a función de Complemento directo de **vidit** e **qui**, a de Sujeito de **veniēbant**.

Non obstante, segundo se dixo anteriormente ao facer referencia ao galego e o castelán, nalgúns casos antecedente e relativo desempeñan a mesma función sintáctica nas súas respectivas oracións. Nessas circunstancias, en latín haberá tamén coincidencia en caso. Por exemplo:

Legātus	qui	a Caesāre	missus est	hodie	in Italiam	veniet
Sx	Sx	CAs	V	CC	CC	V

O legado que foi enviado por César chegará hoxe a Italia.

Legātus realiza a función sintáctica de Sujeito de **veniet**, e, por este motivo, exprésase en nominativo. Pola súa banda, **qui** é tamén Sujeito de **missus est**. Por iso, ambas as palabras, **legātus** e **qui**, están en nominativo.

En ocasións, estas subordinadas van introducidas por un adverbio relativo. Os máis frecuentes son os que indican lugar: **ubi**, *onde*; **unde**, *desde onde*; **quo**, *a onde*, e **qua**, *por onde*.

Para traducir oracións compostas subordinadas deben terse en conta as seguintes indicacións:

- **LELAS DETIDAMENTE**. Esta lectura permite localizar os verbos en forma persoal, e os nexos existentes (conxuncións, relativos, partículas). Os primeiros indican o número de oracións. Os segundos, o tipo de subordinada. Se é de relativo, debe localizarse o seu antecedente, que adoita ir próximo, e, en todo caso, debe concordar co relativo en xénero e número.

- **DELIMITALAS.** Xeralmente, os nexos (conxuncións, relativos, partículas) marcan o comezo dunha oración, e, en bastantes ocasións, o final doutra. E ademais, neste paso atópanse outras axudas:

Saber que unha oración non termina, por regra xeral, até que aparece o seu verbo, aínda que pode quedar interrompida por outra.

A puntuación forte, é dicir, o punto e coma, o punto (seguido e aparte) e os dous puntos, indica sempre o final dunha oración e o comezo da seguinte. Non hai que esquecer que a coma non se inclúe aquí e, xa que logo, non sempre resulta válida para marcar as oracións.

Ao delimitalas, convén utilizar corchetes, paréntese ou outro tipo de signo que permita distinguilas das principais.

- **ANALIZALAS POR SEPARADO.** Unha vez establecidos os límites das oracións mediante as barras nas principais, e os corchetes ou paréntese nas subordinadas, só resta comezar a análise sintáctica das palabras que as compón, que son unicamente as comprendidas entre os signos (barras, corchetes, paréntese) que indican o seu principio e o seu final.

Nesta análise deben aplicarse as indicacións que se deron na segunda unidade. Resulta importante dilucidar se a oración simple é transitiva, intransitiva, copulativa ou pasiva, pois cada unha delas ten as súas propias características.

Nas subordinadas de relativo, debe indicarse a función que realiza este se é un pronome-adxectivo.

- **TRADUCILAS.** Do mesmo xeito que nas simples, traducir consiste en expresar as distintas funcións sintácticas en galego e/ou castelán.

As subordinadas de relativo adoitan traducirse inmediatamente despois do antecedente.

A continuación analizaremos unha subordinada de relativo seguindo as indicacións anteriores:

Milītes qui e proelio fugērant, in silvas se recepērunt et ab hostībus capti sunt.

Tras ler a frase, sinálanse os verbos en forma persoal e os nexos:

Milītes qui e proelio fugērant, in silvas se recepērunt et ab hostībus capti sunt.

As tres formas verbais, **fugērant**, **recepērunt** e **capti sunt**, indícanos o número de oracións, tres.

O primeiro nexos, **qui**, ao tratarse dunha das formas do pronome-adxectivo relativo, permítenos deducir que introduce unha subordinada adxectiva ou de relativo. O segundo, **et**, une neste caso dúas oracións principais cuxos verbos son **recepērunt** e **capti sunt**.

Ao ter unha subordinada de relativo, convén buscar o seu antecedente, **milītes**, que concorda con **qui** en xénero e número. No exemplo, coincide tamén en caso.

Ao delimitar as oracións, abrimos unha subordinada de relativo en **qui**. Con todo, non podemos pechar a principal aberta en **milītes**, pois, por non levar verbo, non está completa, simplemente quedou interrompida pola subordinada de relativo que acaba en **fugērant**. A principal continúa tras **fugerant** e péchase en **recepērunt**. A conxunción **et** une a terceira oración que comprende ata o final. Posto que temos principais e

subordinadas, empregaremos signos distintos para sinalalas, as principais irán entre barras e as subordinadas entre corchetes:

| **Milītes** [qui e proelio fugĕrant], in silvas se recepĕrunt | et | ab hostībus capti sunt |

A continuación analizámolas por separado, coma se fosen oracións simples:

Milītes Sx	in silvas CC	se CD	recepĕrunt V
qui Sx	e proelio CC	fugĕrant V	
ab hostībus CAx	capti sunt V		

Para rematar tradúcense tendo en conta que a subordinada de relativo debe traducirse inmediatamente despois do antecedente:

Os soldados que fuxiran do combate retiráronse aos bosques e foron capturados polos inimigos.

En resumo:

- As subordinadas adxectivas ou de relativo equivalen a un adxectivo.
- Van introducidas por un relativo, xa sexa o pronome-adxectivo relativo **qui, quae, quod** en calquera dos seus casos ou un adverbio relativo: **ubi, unde, quo, e qua**, fundamentalmente.
- Adoitan levar un antecedente co que concordan en xénero e en número. Ás veces, coinciden en caso.
- O seu verbo exprésase, xeralmente, en modo indicativo.

Recorda

ORACIÓNS SUBORDINADAS

- ✓ *Clasificación:*
 - *adxectivas ou de relativo*
 - *substantivas ou completivas*
 - *adverbiais ou circunstanciais*
- ✓ *Subordinadas adxectivas ou de relativo:*
 - *Van introducidas polo pronome relativo en calquera dos seus casos ou por un adverbio relativo como **ubi, unde, quo e qua***
 - *Refírense a unha palabra da proposición principal, o antecedente*
 - *O relativo e o antecedente concordan en xénero e en número*
 - *O modo do verbo adoita ser o indicativo*

Léxico

EVOLUCIÓN FONÉTICA DOS GRUPOS INTERIORES -TI-, -CHE-, -CI-, -CHI-, -CE- e -CHE- seguidos de vogal.

Os grupos interiores **-TI-**, **-CHE-**, **-CI-**, **-CHI-**, **-CE-** e **-CHE-** seguidos de vogal evolucionaron ao fonema /θ/, representado graficamente por **z** e por **ci** nos cultismos:

Gallaecia > *Galiza / Galicia*, **gratiam** > *graza / gracia*, **brachium** > *brazo*

EXPRESIÓNS LATINAS

– plus ultra	<i>máis aló</i>
– rara avis	<i>ave rara</i>
– conditio sine qua non	<i>condición sen a cal non</i>
– quorum [praesentia sufficit]	<i>de quen [cuxa presenza basta]</i>
– status quo	<i>estado no cal, situación</i>
– superāvit	<i>sobrou (o que queda: ganancia)</i>

Realiza o apartado das Actividades de repaso